




José Manuel Esarte Beltrán, subcampión de España de Silvestrismo na categoría de xílgaros

Os días 2 e 3 de Xuño disputábase en Guadalajara o XIII Campionato de España de Silvestrismo, que contaba con representación galega en tódalas súas categorías.

Foi na categoría de xílgaro onde o ferrolán José Manuel Esarte Beltrán quedaba segundo na clasificación, logrando o seu paxaro un total de 54 positivos. Na mesma categoría, outro galego, José Sanjuan Maceiras, finalizaba no 13º posto. Outro posto destacado dos participantes galegos foi o 9º que acadou Camilo Taboada Piñeiro na categoría de mixto de pardillo.

Pode consultar as clasificacións completas na páxina da Real Federación Española de Caza <http://www.fecaza.com>



Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com